



**ESTATUTOS
DA
ASOCIACIÓN SINDICAL GALEGA DE
GUIONISTAS**

TÍTULO I

- DISPOSICIÓN XERAIS: DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E FUNCIONAL, DURACIÓN, DOMICILIO E FINALIDADES -

Artigo 1- Co nome de ASOCIACIÓN SINDICAL GALEGA DE GUIONISTAS e siglas AGAG constitúese formalmente, de acordo co que establece a Lei Orgánica 11/85, de 2 de agosto, unha organización sindical por tempo indefinido, sen ánimo de lucro e que responde aos principios democráticos na súa organización e no seu funcionamento. A Asociación garante a autonomía das persoas que o constitúen sen prexuízo de carácter vinculante que teñen os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Asociación nas materias que afecten a este e afecten ao interese común dos afiliados.

A AGAG proclámase democrática, profesional, independente, pluralista e unitaria.

Artigo 2- A Asociación integrará a todos aqueles profesionais do guión que voluntariamente soliciten á súa afiliación.

Por guionista enténdese o/a profesional que é autor dunha obra radiofónica ou audiovisual, na súa parte literaria, que fose realizada con medios profesionais, comunicada publicamente, posta a disposición do público e/ou reproducida e distribuída en soportes audiovisuais e/ou sonoros. O carácter profesional dos afiliados e afiliadas será garantido pola Xunta Directiva, a cal propondrá o que considere oportuno na resolución de calquera impugnación referente a este extremo.

Artigo 3- A Asociación ten personalidade xurídica e capacidade plena para obrar polo cumprimento das súas finalidades.

Artigo 4- O ámbito territorial da AGAG é Galicia. O enderezo establécese na Rúa das Salvadas, 2 ó 15705 ó Santiago de Compostela (A Coruña)

A Xunta Directiva poderá acordar o seu cambio e tamén establecer as delegacións e representacións que considere máis convenientes. En tal suposto, a Asociación deberá comunicar o cambio na oficina pública correspondente.

Artigo 5- As finalidades da Asociación son:

- a) **A representación, defensa e promoción dos intereses comúns dos seus afiliados no ámbito laboral, profesional, social, económico e cultural.**

- b) A representación dos intereses xerais da profesión fronte as administracións, institucións, empresas e outros colectivos de ámbito autonómico, estatal e internacional participando nos órganos consultivos das mesmas cando sexa necesario, defendendo os dereitos recoñecidos pola Lei da Propiedade Intelectual.
- c) A difusión social e cultural da profesión de guionista e a súa tarefa.
- d) A organización de actividades formativas e culturais para os seus afiliados.
- e) O fomento da solidariedade dos seus afiliados promocionando e creando servizos comúns de natureza asistencial.
- f) Programar as accións axeitadas para conseguir melloras sociais e económicas para os seus afiliados.

TÍTULO II

-DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN, AFILIACIÓN, DESAFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES DOS AFILIADOS -

Artigo 6- Poderán ser membros da Asociación os guionistas profesionais que traballen por conta allea ou autónomos sen traballadores, independentemente de que estean en activo, en paro, en excedencia ou situación similar, ou pensionistas, e que presten os seus servizos dentro do ámbito territorial indicado no artigo 4 ou en empresas establecidas neste ámbito territorial.

Artigo 7- O ingreso na Asociación será voluntario e, en calquera momento, os militantes poderán deixar de selo sempre que o notifiquen por escrito á Xunta Directiva cunha antelación mínima de dez (10) días á data de baixa.

Artigo 8- A afiliación á Asociación comporta inherente o pago da cota que se fixe pola Asemblea Xeral segundo proposta da Xunta Directiva, de conformidade cos presentes Estatutos.

Artigo 9- A Xunta Directiva da Asociación poderá dar de baixa aos membros deste por algunha das seguintes causas:

- É a) Renuncia voluntaria comunicada por escrito
- É b) Incumprimento dos acordos adoptados pola Asemblea ou a Xunta Directiva, na esfera das súas respectivas competencias.
- É c) Incumprimento das obrigas establecidas nos presentes Estatutos.
- É d) Falta de pago das cotas establecidas para o sustento da Asociación.
- É e) Incumprimento grave do Código Deontolóxico
- É f) En caso de actividade claramente contraditoria coa actividade sindical na empresa ou no ramo no que traballe.

En todos estes casos, a Xunta Directiva deberá informar á Asemblea Xeral, a cal deberá ratificar a decisión.

Artigo 10- Os dereitos dos afiliados son os seguintes :

- a) Participar en todas as actividades sindicais, profesionais e sociais da Asociación.
- b) Dar a súa opinión e ser escoitado acerca de calquera asunto de interese para a Asociación, por medio dos seus órganos representativos.
- c) Elixir ou ser elixido para ocupar cargos nos diferentes órganos da Asociación, sen ningún tipo de discriminación e tan só coas limitacións que dos presentes Estatutos se deriven.
- d) Recibir prestacións de asesoramento técnico e xurídico, así como os diferentes servizos de información, formación ou asistencia que a Asociación estableza.

Artigo 11- Todos os afiliados á Asociación teñen as seguintes obrigas:

- a) Cumprir e protexer a observación dos principios e finalidades destes Estatutos.
- b) Respetar os acordos dos órganos da Asociación. Estes acordos teñen carácter vinculante a todos os membros e órganos da Asociación.
- c) Pagar as cotas establecidas, de acordo co que se indique nas resolucións dos organismos correspondentes.

Artigo 12- O incumprimento de calquera obriga poderá ser sancionado mediante un expediente sancionador.

Nos casos graves, a sanción irá desde a inhabilitación parcial ata a expulsión, pasando pola separación do cargo que poida exercer no seo da Asociación.

TÍTULO III

- DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN, DIRECCIÓN E XESTIÓN - Artigo 13-

A Asociación de Guionistas de Galicia ten os seguintes órganos de representación, dirección, administración e xestión: a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, tamén poderá dispor dunhas Comisións e da Comisión de Garantías.

As persoas que dirixirán a Asociación mediante estes órganos serán elixidas en todos os seus graos por medio do sufraxio libre, directo e secreto de acordo co que dispoña o correspondente Regulamento de Asembleas.

Artigo 14- A Asemblea Xeral constitúese polos afiliados que satisfaceren as cotas establecidas regulamentariamente.

Artigo 15- A Asemblea Xeral validamente constituída é o órgano máximo de decisión da Asociación, e os acordos que adopte de conformidade cos Estatutos, son de obrigado cumprimento para todos os afiliados.

Artigo 16- A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e os afiliados forman parte dela por dereito propio e irrenunciable. Na Asemblea Xeral están representados de forma particular cada un dos afiliados en nome propio ou por representación.

16.1) A Asemblea Xeral reunirase como mínimo unha vez ao ano e será previamente convocada pola Xunta Directiva, a través do seu Presidente mediante unha convocatoria escrita que se fará chegar de forma particular a cada un dos afiliados cunha antelación mínima de quince (15) días. No documento da convocatoria constará a Orde do Día, a data e hora de reunión, tanto da primeira como da segunda convocatoria.

16.2) A Asemblea Xeral estará validamente constituída cando asistan en primeira convocatoria un vintecinco (25) por cento dos afiliados. Na segunda convocatoria, a Asemblea quedará constituída cando concorran un dez (10) por cento dos afiliados. Entre a primeira e a segunda convocatoria haberá un intervalo de trinta (30) minutos.

16.3) As Asembleas Xerais poderán ser Ordinarias e Extraordinarias. A Ordinaria celebrarase unha vez ao ano, dentro dos tres primeiros meses do exercicio anual.

As Asembleas Extraordinarias celebraranse para proceder á modificación dos Estatutos, cando a Xunta Directiva o considere necesario ou cando o solicite de maneira fidedigna un número de afiliados que represente como mínimo o vinte (20) por cento dos afiliados. Neste suposto procederáse segundo o estipulado no punto 16.8 do presente artigo.

16.4) As facultades da Asemblea Xeral son:

- a) Fixar as liñas xerais de funcionamento da Asociación.
- b) Aprobar as contas e a memoria de actividades do exercicio anterior e o orzamento para o exercicio seguinte.
- c) Aprobar ou non a xestión da Xunta Directiva.
- d) Escoller os afiliados que formarán parte da Xunta Directiva, de conformidade cos presentes Estatutos.
- e) Modificar os Estatutos.
- f) Adoptar os acordos que estipularán os importes das cotas dos socios e a frecuencia destas.
- g) Debater a política sindical do momento que dirixe a Xunta Directiva
- h) Tomar decisións de acción sindical de relevo.
- i) Acordar convenios ou pactos con outras asociacións.
- j) Acordar adquisicións ou vendas de patrimonio.
- k) Aprobar as cotas ordinarias e extraordinarias que haxan de satisfacer os afiliados, segundo proposta da Xunta Directiva.
- l) Aprobar o orzamento anual da Asociación que presente a Xunta Directiva.
- m) Adoptar acordos referentes á contratación de bens e servizos que superen o 20 por cento do orzamento.
- n) Acordar a disolución da Asociación.
- o) Participar e incorporarse a outras unións de Asociacións ou ben sair delas.
- p) Aprobar o Regulamento de réxime interno, se procede.
- q) Acordar a baixa e separación dos afiliados, previa análise de cada caso particular e emisión dun informe.
- r) Coñecer as solicitudes presentadas para ser afiliado da Asociación, así como as outras aceptadas pola Xunta Directiva. Coñecer as baixas dos afiliados por motivos diferentes dos da baixa non voluntaria.
- s) Coñecer e resolver en última instancia as reclamacións.

16.5) Os afiliados poderán delegar noutro socio o exercicio do voto na Asemblea Xeral se ben deberán comunicar este feito á Xunta Directiva cunha antelación mínima de cinco (5) días antes de que se celebre a Asemblea Xeral. Esta comunicación deberá ser feita de forma fidedigna e por escrito, acompañando a notificación cunha fotocopia do DNI do afiliado así

como tamén os datos do afiliado no que delega e que o representará no acto particular. Un mesmo afiliado poderá ser delegado de ata dous (2) afiliados.

16.6) Os afiliados poderán solicitar á Xunta Directiva que inclúa asuntos na Orde do Día dunha Asemblea Xeral. Para proceder neste senso, deberán estar de acordo un mínimo dun dez (10) por cento de afiliados e comunicar o asunto para o cal teñen interese de maneira fidedigna e por escrito á Xunta Directiva cunha antelación mínima de cinco (5) días respecto da data de celebración da Asemblea Xeral ó no suposto de que a Asemblea Xeral xa estea convocada óen caso contrario, a súa petición, se cumpre cos requisitos aquí estipulados, será incluída na Orde do Día da Asemblea Xeral máis inmediata.

16.7) Os socios tamén poderán formular a súa solicitude directamente na Asemblea Xeral no momento da celebración da mesma se esta está expresada no quórum dun dez (10) por cento dos afiliados. A Asemblea Xeral decidirá se se incorpora o asunto na Orde do Día. En calquera caso, os asuntos tratados nunha Asemblea Xeral que non se encontren na Orde do Día fixado inicialmente na convocatoria, unicamente poderán ser aprobados por tres cuartas partes dos afiliados con dereito a voto presentes na Asemblea Xeral.

16.8) A Asemblea Xeral poderá ser convocada con carácter extraordinario pola Xunta Directiva, por medio do seu Presidente, sempre que esta o considere necesario ou ben cando o solicite de maneira fidedigna e por escrito un número de socios non inferior ao vinte (20) por cento. Cando a Asemblea Xeral deba reunirse con carácter extraordinario por petición dos socios, a Xunta Directiva deberá convocala dentro dos quince (15) días seguintes á recepción do escrito da solicitude.

16.9) Actuarán como Presidente e Secretario da Asemblea Xeral o Presidente e o Secretario, respectivamente, da Xunta Directiva ou aqueles que exerzan aquelas funcións. O Presidente dirixirá a Asemblea e disporá dun voto de calidade en caso de que se produza un empate nas votacións.

16.10) Os acordos da Asemblea Xeral serán adoptados por maioría simple dos votos dos afiliados presentes ou representados, excepto no caso de acordos referentes á modificación de Estatutos e á disolución da Asociación, circunstancias nas que deberá concorrer o voto favorable de dúas terceiras partes dos afiliados presentes ou representados.

En calquera caso, a elección da Xunta Directiva, se concorre nela máis dunha candidatura, só requirirá a maioría relativa dos socios presentes ou representados.

O réxime de funcionamento da Asemblea estará determinado por un Regulamento de Asembleas que será aprobado pola Asemblea da Asociación.

Artigo 17- Da sesión da Asemblea Xeral, e no período máximo dun mes despois da súa clausura, a Xunta Directiva levantará unha acta cun resumo dos debates e co reflexo exacto dos acordos tomados. A acta constará nun libro de rexistro e estará asinado por todos os membros da Xunta Directiva.

Artigo 18- A Xunta Directiva é o órgano executivo, de representación, de xestión e administración da asociación e ten por misión cumprir cos obxectivos dos Estatutos e dos acordos que tome como órgano e os da Asemblea Xeral. A Xunta Directiva estará formada por un mínimo de cinco e un máximo de dez membros escollidos pola Asemblea Xeral mediante sufraxio universal directo e secreto. As candidaturas para á Xunta Directiva presentaranse na forma de listas pechadas.

A Xunta Directiva da Asociación é o órgano máximo de decisión, e reunirse de maneira ordinaria como mínimo cada tres e de forma extraordinaria por petición escrita dun terzo dos afiliados, dun terzo dos membros da Xunta directiva e a consideración do Presidente.

A reunión extraordinaria da Xunta Directiva deberá ser convocada cunha antelación mínima de corenta e oito (48) horas.

Un regulamento da Xunta Directiva que será aprobado por esta mesma, regulará o seu funcionamento.

A Xunta Directiva será conducida por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro. O resto de membros serán vocais.

As discusións e acordos das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias da Xunta Directiva constarán en actas asinadas polos cargos que a dirixen.

18.1) Os membros da Xunta Directiva serán designados polo seu cargo para que a exerzan por un período de dous (2) anos, renovable por outro período igual. Para que unha candidatura poida presentarse a unha terceira reelección ou sucesivas, os seus membros deberán ser renovados parcialmente nun 25%.

18.2) Ao inicio da Asociación, escolleranse os membros da Xunta Directiva, entre os afiliados fundadores. Posteriormente, poderán ser candidatos á Xunta Directiva todos os afiliados da Asociación que teñan unha antigüidade mínima de dous (2) anos.

18.3) Todos os cargos electos da Asociación serán exercidos de forma gratuíta, se ben as persoas que os exerzan poderán recuperar os gastos que o desenvolvemento dos seus cargos comporte, previa presentación xustificada deses gastos.

18.4) Os membros da Xunta Directiva poderán cesar nos seus cargos antes de que venza o seu prazo debido aos seguintes motivos:

- a) Dimisión voluntaria que deberá ser presentada por escrito e de forma motivada.
- b) Por algún motivo que incapacite o normal desenvolvemento do seu cargo.
- c) Por baixa como socio da Asociación.
- d) Por destitución de acordo co estipulado polos presentes Estatutos.

18.5) As vacantes que haxa na Xunta Directiva serán cubertas na primeira Asemblea Xeral que se celebre despois do seu cese. O cargo vacante poderá ser cuberto ata entón por un afiliado da Asociación designado por este motivo pola propia Xunta Directiva.

18.6) A Xunta Directiva está facultada para:

- a) Convocar a Asemblea Xeral Ordinaria e a Asemblea Xeral Extraordinaria.
- b) Levar a cabo as accións pertinentes para que se cumpran os acordos da Asemblea Xeral e para que a Asociación execute as actividades axeitadas para o cumprimento da finalidade da mesma. Delegar, de considerarse oportuno, algunha das actividades delegables nalgún membro da Xunta Directiva, sempre que estas actividades delegables estean de acordo coa lexislación vixente.
- c) Xestionar as admisións de novos socios.

- d) Aprobar a constitución de delegacións territoriais e sectoriais da Asociación.
- e) Interpretar os Estatutos da Asociación.
- f) Contratar persoal para a secretaría e a administración da Asociación para que funcionen correctamente.
- g) Aceptar subvencións e doazóns de persoas ou entidades a favor da Asociación.
- h) Outorgar poderes xerais e especiais, no marco das limitacións previstas na Lei, a procuradores dos tribunais ou a terceiras persoas e ao Secretario. Estes poderes serán tan amplos como sexa necesario co fin de poder levar a cabo correctamente as funcións que se lles encargue. A persoa apoderada non poderá dar poder a outras persoas nin tampouco conceder avais ou hipotecas coa garantía dos bens da Asociación.
- i) A representación e xestión económica e administrativa da Asociación.
- j) Realizar e dirixir as actividades da Asociación necesarias para o exercicio e desenvolvemento dos seus fins.
- k) Propoñer á Asemblea Xeral os programas de actuación xeral e específicos, executar os xa aprobado e render contas da xestión feita a finais do seu mandato.
- l) Presentar a Asemblea Xeral os orzamentos, os balances, as liquidacións de contas anuais así como as propostas de cotas para a súa aprobación.
- m) Presentar á Asemblea Xeral o balance final de xestión económica do seu mandato.
- n) Elaborar a Memoria anual de actividades e sometela á Asemblea Xeral para a súa aprobación.
- o) Decidir en materia de cobros e ordenación de pagos e supervisar a contabilidade e a mecánica dos cobros e pagos.
- p) Controlar e velar polo normal funcionamento dos servizos xerais da Asociación.
- q) Adoptar acordos referentes á contratación de bens e servizos que non superen o 20 por cento do orzamento da Asociación, así como o exercicio de accións ou o outorgamento de poderes.
- r) Realizar informes e estudos de interese para os afiliados.
- s) Calquera outra facultade non prevista na lexislación vixente nin nos presentes Estatutos ou que mediante a Asemblea Xeral lle fose delegada ou atribuída de forma expresa.

18.7) O Presidente convocará á Xunta Directiva sempre que o considere necesario ou cando curse unha solicitude escrita ao Presidente por parte dun terzo dos membros da Xunta Directiva. Nesta solicitude, os peticionarios deberán facer constar os asuntos que desexen que se traten.

18.8) Considerarase que a Xunta Directiva quedará validamente constituída cando, previa convocatoria, asisten a ela, presentes e representados, máis da metade dos seus membros, entre os cales deberá estar o Presidente ou persoa que exerza debidamente a súas funcións. A convocatoria deberá facerse por escrito e cunha antelación mínima de (15) quince días respecto da data prevista de celebración. As reunións da Xunta Directiva terán lugar na sede da Asociación. As reunións da Xunta Directiva celebraranse de forma periódica (mínimo unha cada tres (3) meses) tendo carácter de ordinario. Poderanse celebrar tantas extraordinarias como se considere necesario. Nestes supostos, a convocatoria poderá realizarse cunha antelación mínima de dez (10) días.

18.9) As decisións da Xunta Directiva serán tomadas por maioría dos seus membros presentes e representados. O Presidente terá un voto de calidade que deberá exercer cando se produzan empates nas votacións. Así mesmo, o Presidente da Xunta Directiva ostenta a dirección das sesións da Xunta Directiva.

18.10) Despois das sesións da Xunta Directiva levantarase acta, que despois de ser aprobada e co visto bo do Presidente e a sinatura do Secretario, deberá incorporarse no Libro de Actas da Asociación.

Artigo 19 - As funcións e atribucións do **Presidente** son:

- a) Dirixir os debates e presentar a orde do día das reunións da Xunta Directiva cando esta teña lugar.
- b) Convocar e presidir a Xunta Directiva.
- c) Representar á Asociación, subscribir contratos, outorgar poderes e executar toda clase de actuacións, coa debida autorización da Xunta Directiva.
- d) Defender ante a Asemblea Xeral a súa xestión e a da Xunta Directiva.

Corresponderan ao **Vicepresidente**:

- a) Substituír ao Presidente, de xeito temporal, sempre que este non poda exercer as súas funcións, por razón debidamente xustificadas e comunicadas á Xunta Directiva, pasando o Vicepresidente a exercer todas as funcións que ten atribuídas o Presidente.

Corresponderá ao **Secretario**:

- a) Levantar acta das sesións da Xunta Directiva, que asinará co Presidente.
- b) Custodiar os libros, documentos e selo da asociación.
- c) Levar ao día o rexistro de socios, anotando as altas e baixas que se produzan.
- d) Entregar certificacións das Actas, libros e documentos da Asociación, co visto bo do Presidente.

Corresponderá ao **Tesoureiro**:

- a) A custodia dos fondos económicos da Asociación.
- c) Levar o rexistro das operacións contables de calquera tipo que se realicen.
- d) Efectuar os cobros e pagos ordenados polo Presidente.
- e) Ter, conxuntamente co Presidente, a titularidade das contas bancarias ou de aforro.
- f) Formular o estado de contas e balances que anualmente presentará á aprobación da Xunta Directiva.
- g) Elaborar o proxecto de orzamentos anuais.

TÍTULO IV

- DO RÉXIME ECONÓMICO ó

Artigo 20 - Os recursos financeiros da Asociación estarán integrados por:

- a) As cotas dos membros da Asociación as cales serán fixadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva de conformidade cos presentes estatutos.
- b) As doazóns e legados ao seu favor
- a) As subvencións públicas ou privadas que reciba
- b) A venda dos seus bens e valores
- c) Os ingresos procedentes da venda de publicacións e prestacións de servizos
- d) Calquera outro recurso obtido de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios

De cara a cada exercicio económico, deberase revisar e adecuar o orzamento ordinario de ingresos e gastos, con suxeición ás normas contidas nestes Estatutos.

Artigo 21 - A Xunta Directiva determinará as normas para a administración e a contabilidade. O Presidente é o ordenador de pagos.

O Tesoureiro intervirá todos os documentos de cobros e pagos, supervisará a contabilidade, coidará da conservación de todos os fondos na forma que dispoña a Xunta Directiva, e asinará todos os documentos de pagos e cobros.

Os afiliados serán informados da situación económica e da orixe e destino dos recursos da Asociación. Calquera afiliado poderá pedir información sobre a situación económica da Asociación previa solicitude por escrito á Xunta Directiva.

Artigo 22 - Os recursos económicos da Asociación e o seu patrimonio destinaranse ao cumprimento dos seus fins.

TÍTULO V

-DA FUSIÓN, MODIFICACIÓN E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN ó

Artigo 23 - Estes estatutos poderán ser modificados, en virtude do acordo da Asemblea Xeral, co voto favorable das dúas terceiras partes dos presentes.

O proxecto de modificación deberá ser proposto polo menos por unha terceira parte dos afiliados ou pola Xunta Directiva, e será enviado a todos os membros da Asociación cunha antelación máxima de quince (15) días naturais.

Igual procedemento deberá seguirse para a fusión con outras asociacións.

Artigo 24 ó A Asociación disolverase cando o acorde a Asemblea co voto favorable das dúas terceiras partes dos presentes.

No acordo de disolución establecerase o destino que deba darse aos bens, dereitos, instalacións e servizos que puideran quedar despois de atender ás obrigacións pendentes.

Artigo 25 - De non acordarse outra cousa pola Asemblea Xeral, actuarán de liquidadores os membros da Xunta Directiva.

FINANZAS E COTAS

A AGAG debe dispor de suficientes fontes de ingresos que permitan a súa consolidación e a súa vida orgánica. Estes ingresos deben permitir o mantemento da sede central da asociación en A Coruña e das que se poidan abrir noutras cidades, do equipamento material e persoal mínimo para ter unha administración eficiente e garantir así unha atención adecuada á afiliación e un funcionamento correcto da asociación.

Todo isto obriga a un esforzo militante, primeiro, para ampliar ao máximo a afiliación como tarefa permanente dos membros da AGAG, segundo, para entender e facer entender a importancia do pago regular das cotas, que é a principal fonte de ingresos da asociación.

En canto ás cotas, e de acordo co aprobado na Asemblea Constituinte, a AGAG finánciase a través de cotas progresivas, en función dos ingresos dos afiliados e afiliadas, poñendo un límite por abaixo e outro por arriba, de modo que a progresividade non supoña unha cantidade afastada do habitual noutras asociacións.

É opinión da AGAG que as cotizacións deben adaptarse ás necesidades financeiras da Asociación, e que unha ampliación importante da afiliación debería supor unha redución das cotas.

Os compañeiros e compañeiras en situación laboral precaria, desempregados, que buscan o seu primeiro emprego, ou os pensionistas estarán exentos de pagar a cota.

As cotizacións cóbranse a partir da data oficial de admisión do afiliado. O AGAG outorga a toda a afiliación un carné acreditativo da súa pertenza á Asociación. Este carné non substitúe ou suplanta ningún outro carné profesional: só acredita a afiliación ao AGAG e debe ser levado coa esixencia que piden os postulados que defende o Asociación Galega de Guionistas.

En Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2016

D. Nico Campos
Presidente da Asociación Sindical Galega de Guionistas

Dna. Lidia Fraga
Secretaria da AGAG